



ESTATUTOS SOGACOT

CAPÍTULO I

DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO E ÁMBITO:

Artigo 1. A Sociedade Gallega de Cirurxía Ortopédica y Traumatología, abreviadamente SO.GA.C.O.T., que será denominada a Sociedade nos artigos seguintes, foi constituída o 28 de marzo de 1.980, ó amparo da Lei de Asociacións do 24 de decembro de 1.964. Foi inscrita co número 34.870 na Sección Primeira do Rexistro Nacional de Asociacións, dependente do Ministerio do Interior.

Na actualidade hase de rexer pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, e normas complementarias, e polos presentes estatutos.

A Sociedade ten personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Artigo 2. A duración da Sociedade será indefinida.

Artigo 3. A Sociedade ten un carácter científico e profesional e o seu propósito é fomentar o desenvolvemento e estimular e contribuír ó ensino e á investigación da especialidade de Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía, así como facilitar e promocionar o labor dos profesionais que a exercen.

Artigo 4. Para o cumprimento destes fins realizaranse as seguintes actividades:

a) Organizará, polo menos, unha reunión anual de todos os membros da Sociedade, na que se expoñerán e discutirán temas concernentes á clínica e investigación da Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía, fixados cun ano de antelación pola Asemblea.

Poderanse estudar tamén, outros temas en relación coa especialidade a propostas da Comisión Organizadora da reunión correspondente.

b) Impulsará o estudo das disciplinas que constitúen ou están relacionadas coa Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía e velará pola mellor formación dos especialistas e a súa promoción profesional. En particular procurará que o recoñecemento oficial da especialidade chegue a conseguir na práctica un desenvolvemento completo en todos os aspectos do ensino, organización hospitalaria e asistencia social.

c) Procurará manter unha relación cordial entre todos os especialistas galegos e facilitar un intercambio das súas experiencias profesionais. Manterá, así mesmo, relacións con sociedades de subespecialistas e de especialistas afíns e con sociedades do resto de España e doutros países.

d) Procurará colaborar coas autoridades académicas e sanitarias en todos aqueles aspectos que teñan relación coa nosa especialidade.



e) Velará polo exacto cumprimento dos deberes deontolóxicos e pola defensa dos dereitos profesionais dos seus asociados.

f) Promocionará Premios e Bolsas.

g) Promocionará grupos de estudo.

Artigo 5. A Sociedade ten o seu domicilio social en Santiago de Compostela, no edificio do Consello Comarcal do Colexio Médico, sito na rúa San Pedro de Mezonzo, 39. Poderán utilizarse outros locais asociativos adicionais noutras cidades, mediante acordo da Xunta Directiva, que terá atribucións para cambiar, tanto o domicilio como os locais, dando conta do seu acordo ó Organismo encargado do Rexistro de Asociacións.

A Sociedade en función dos seus fins e do seu domicilio social, exercerá principalmente as súas actividades no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

www.sogacot.org é a dirección da web oficial da Sociedad Gallega de Cirugía Ortopédica y Traumatología. SO.GA.C.O.T.

A Xunta Directiva da Sociedad Gallega de Cirugía Ortopédica y Traumatología SO.GA.C.O.T. é o máximo órgano de goberno desta web. Nas súas reunións decidiranse os seus contidos, deseño, financiamento ou colaboracións.

Con todo para lograr unha dirección máis áxil, a Xunta Directiva nomeará responsables para levar a cabo estas directrices.

Os responsables nomearanse por un período de dous anos e realizarán as súas funcións de forma colexiada.

CAPÍTULO II

ÓRGANO DE REPRESENTACIÓN

Artigo 6. A Asociación será xestionada e representada por unha Xunta Directiva formada por: un Presidente, un Vicepresidente, un Secretario, un Vicesecretario, un Tesoureiro, e once vogais. Destes vogais, un será responsable de Docencia, outro o será do portal Web e dos restantes, haberá un representante de cada unha das cidades de A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Ferrol, Santiago e Vigo, un representante dos Hospitais Xerais Básicos, e un representante dos Médicos Internos Residentes – MIR, que obrigatoriamente ha de ter esa condición durante os dous anos do seu mandato.

Todos os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos. Estes serán designados e revogados pola Asemblea Xeral e o seu mandato terá unha duración de dous anos.



Artigo 7. Estes poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, por falecemento, por incumprimento das obrigas que tivesen encomendadas e por expiración do mandato.

Artigo 8. Os membros da Xunta Directiva que esgotasen o prazo para o cal foron elixidos, continuarán ostentando os seus cargos ata o momento en que se produza a aceptación dos que lles substitúan.

Artigo 9. A Xunta Directiva reunirse cantas veces o determine o seu Presidente e a iniciativa ou petición de seis dos seus membros. Reunirse, como mínimo, unha vez ó trimestre. Quedará constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. En caso de empate, o voto do Presidente será de calidade. Poderá ser asesorada polos expertos que considere oportunos.

Artigo 10. Facultades da Xunta Directiva:

As facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral a todos os actos propios das finalidades da asociación, sempre que non requiran, segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son facultades particulares da Xunta Directiva:

- a) Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
- b) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os Balances e as Contas anuais.
- d) Resolver sobre a admisión de novos asociados.
- e) Nomear delegados para algunha determinada actividade da Asociación.
- f) Coordinará as Sesións Científicas.
- g) Propoñerá á Asemblea Xeral o Presidente da Comisión Organizadora do próximo Congreso.
- f) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral de socios.

Artigo 11. O Presidente terá as seguintes atribucións: Representar legalmente á Asociación ante toda clase de organismos públicos ou privados; convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións dunha e outra; ordenar pagos e autorizar coa súa firma os documentos, actas e correspondencia;



adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da Asociación aconselle ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou convinte, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

Artigo 12. O Vicepresidente substituirá ó Presidente en ausencia deste, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as mesmas atribucións que el.

Artigo 13. O Secretario terá a cargo a dirección dos traballos puramente administrativos da Sociedade, expedirá certificacións, levará os libros da asociación legalmente establecidos e o ficheiro de asociados, e custodiará a documentación da entidade, facendo que se cursen ás comunicacións sobre designación de Xuntas Directivas e demais acordos sociais inscribibles ós Rexistros correspondentes, así como o cumprimento das obrigas documentais nos termos que legalmente correspondan.

Artigo 14. O Tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación e dará cumprimento ás ordes de pago que expida o Presidente. Preparará as Contas anuais da Sociedade, así como a liquidación do orzamento e elaborar o Orzamento do seguinte exercicio.

Artigo 15. Os Vogais terán as obrigas propias do seu cargo como membros da Xunta Directiva, e así como as que nazan das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta encomende.

Artigo 16. As vacantes que se puidesen producir durante o mandato, de calquera dos membros da Xunta Directiva serán cubertas provisionalmente entre os devanditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral convocada para o efecto.

CAPÍTULO III

ASEMBLEA XERAL

Artigo 17. A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación e estará integrada por todos os asociados.

Artigo 18. As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria celebrarase unha vez ó ano dentro dos seis meses seguintes ó peche do exercicio; as extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do Presidente, cando a Xunta Directiva o acorde ou cando o propoña por escrito un número de Membros Numerarios non inferior ó 30% dos rexistrados na Sociedade, e cando o esixa a Lei 1/2002 e demais disposicións complementarias.

Artigo 19. As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por escrito expresando o lugar, día e hora da reunión así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos para tratar. Entre a convocatoria e o día sinalado para a celebración da Asemblea en primeira convocatoria haberán de mediar polo menos quince días, podendo así mesmo facerse constar se procedese



a data e hora en que se reunirá a Asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a unha media hora.

Artigo 20. As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela un terzo dos asociados con dereito a voto, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asociados con dereito a voto.

Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen ós negativos, non sendo computables para estes efectos os votos nulos, en branco, nin as abstencións.

Será necesario maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- a) Disolución da entidade.
- b) Modificación de Estatutos.
- c) Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado.
- d) Remuneración dos membros do órgano de representación.

Artigo 21. Son facultades da Asemblea Xeral:

- a) Aprobar, a xestión da Xunta Directiva.
- b) Examinar e aprobar as Contas anuais.
- c) Elixir os membros da Xunta Directiva.
- d) Fixar as cotas ordinarias ou extraordinarias.
- e) Disolución da asociación.
- f) Modificación dos Estatutos.
- g) Disposición ou alleamento dos bens
- h) Acordar, no seu caso, a remuneración dos membros dos órganos de representación.
- i) Calquera outra que non sexa competencia atribuída a outro órgano social.

Requiren acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para o efecto:

- a) Modificación dos Estatutos.
- b) Disolución da Asociación.



Artigo 22.- O Consello ou Senado, constituído por antigos Presidentes e presidido polo de maior antigüidade, asumirá as seguintes funcións:

- a) Decidir sobre a perda da condición de Membros Asociados ou Numerarios á que se alude no artigo 24º.
- b) Velar pola recta observancia dos Estatutos e fins da Sociedade.
- c) Entender e resolver sobre os problemas deontolóxicos que se expoñan na sociedade.
- d) En situacións de cesamento da Xunta Directiva, salvo a prevista no artigo 8º, o Consello ou Senado farase cargo como Xunta Xestora ata a celebración da Asemblea Xeral onde se elixirá unha nova Xunta Directiva.

CAPÍTULO IV

DOS SOCIOS

Artigo 23. Poderán pertencer á Sociedade, coas limitacións que se indican para os Membros Asociados, todos aqueles médicos que con exercicio legal da profesión se dediquen con especial interese a algún dos aspectos que forman o contido propio da especialidade.

Artigo 24. Dentro da Sociedade existirán as seguintes clases de membros:

- a) Asociados
- b) Numerarios
- c) Correspondentes
- d) De honra
- e) Eméritos

A) MEMBROS ASOCIADOS

1) Poderán selo aqueles especialistas en Traumatoloxía e Ortopedia, así como os médicos e outros licenciados universitarios que o soliciten e acrediten de forma fidedigna unha particular atención ó estudo e/ou á práctica da nosa especialidade.

2) A admisión de Membros Asociados levarase a efecto previa solicitude avalada por dous Membros Numerarios.



En todos os casos, na solicitude de ingreso farase mención documentada do Centro ou Centros en que se formou o solicitante, tempo de prácticas, traballos publicados e cantos datos poidan ser útiles para xulgar a súa capacidade profesional.

A referida solicitude dirixirase ó Presidente da Sociedade, no impreso oficial correspondente, cunha antelación mínima de dous meses á celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, someténdoa aquel a consideración da Xunta Directiva.

Aprobada a proposta, será presentada á Asemblea Xeral, que se reunirá durante a celebración de cada Congreso.

Aceptarase o ingreso a menos que cinco Membros Numerarios, como mínimo, soliciten votación nominal, en cuxo caso o ingreso de novos Membros Asociados requirirá a obtención dun mínimo das dúas terceiras partes dos votos presentes na Asemblea.

3) Non terán dereito a voto nin serán elixibles para cargos directivos.

4) Transcorridos catro anos, só os Membros Asociados especialistas en Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía que exerzan en Galicia, poderán pasar a ostentar a condición de Membros Numerarios, con todos os seus dereitos e obrigas.

5) A condición de Membro Asociado pode perderse polas mesmas causas e con arranxo ó mesmo procedemento que rexe para os Membros Numerarios.

B) MEMBROS NUMERARIOS

1) A condición de Membros Numerarios só poderá ser adquirida polos especialistas en Cirurxía Ortopédica e Traumatoloxía, con exercicio profesional en Galicia, unha vez transcorridos catro anos formando parte da Sociedade en calidade de Membro Asociado. A Xunta Directiva propoñerá, se procede, o seu nomeamento á Asemblea Xeral da Sociedade. O referendo seguirá o mesmo trámite exposto no punto 2, apartado A de este artigo.

2) Terán dereito a voto e poderán ser elixidos para cargos directivos.

3) A condición de Membros Numerarios pode perderse por motivos graves, por indignidade ou incompatibilidade social e, en todo caso, a pedimento da Xunta Directiva ou en documento asinado por 10 Membros Numerarios.

O membro expedientado será convidado a prestar declaración ante o Senado, composto polos antigos Presidentes da Sociedade e cuxa Presidencia, para estes efectos, será ostentada polo que se ache en exercicio e teña máis antigüidade.

Para que a expulsión poida ser decretada, será necesario o voto unánime dos membros do Senado presentes.



Tamén se poderá perder a condición de Membro Numerario por causas económicas na forma que se sinala no artigo 25.

C) MEMBROS CORRESPONDENTES

1) Poderán ser Membros Correspondentes aqueles médicos que exerzan fóra de Galicia e que se distinguiran nalgún dos aspectos da nosa Especialidade. Serán propostos pola Xunta directiva ou por dez Membros Numerarios e deberán ser aceptados por unanimidade na Asemblea Xeral correspondente.

2) Non teñen nin voz nin voto nas Asembleas e non terán ningunha obriga económica para coa Sociedade. Pero poden asistir a todas as reunións societarias das que serán puntualmente informados. O seu número non excederá de 50.

D) MEMBROS DE HONRA

1) Serán Membros de Honra aquelas personalidades que, consagrándose á nosa especialidade, alcanzasen indiscutible autoridade na mesma ó longo da súa vida profesional.

O nomeamento farase por acordo unánime da Xunta Directiva, que o propondrá á Asemblea para a súa aceptación definitiva que debe ser unánime.

2) Os Membros de Honra non contribuirán con cota algunha e serán informados das actividades, reunións e congresos da Sociedade. O seu número non será superior a 10.

E) MEMBROS EMÉRITOS

1) Poderán selo, a proposta da Xunta Directiva, aqueles Membros Numerarios que cesasen no exercicio profesional activo.

2) Terán dereito a voto e poderán ser elixidos para cargos directivos.

3) Os Membros Eméritos non contribuirán con cota algunha e serán informados das actividades, reunións e congresos da Sociedade.

Artigo 25. Os socios causarán baixa, ademais das previstas no artigo anterior, por algunha das causas seguintes:

a) Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva.

b) O atraso dun ano no pago das cotas, fará perder de forma automática, previo apercibimento formal, a calidade de Membro, tanto ós que sexan Asociados como ós Numerarios. Pagados os atrasos, máis outra cantidade igual, os Membros volverán adquirir os seus dereitos, debendo ser aprobado o seu reingreso pola maioría dos compoñentes da Xunta Directiva, nese caso quedará constancia no Libro de Actas.



Artigo 26. Todos os socios, ademais das previstas para cada caso no artigo 24, terán os seguintes dereitos:

- a) Tomar parte en cantas actividades organice a Sociedade en cumprimento dos seus fins.
- b) Gozar de todas as vantaxes e beneficios que a Sociedade poida obter.
- c) Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
- f) Facer suxestións ós membros da Xunta Directiva en orde ó mellor cumprimento dos fins da Sociedade.

Artigo 27. Todos os socios, ademais das previstas para cada caso no artigo 24 terán as seguintes obrigas:

- a) Cumprir os presentes Estatutos e os acordos válidos das Asembleas e a Xunta Directiva.
- b) Asistir ós actos que se organicen.
- c) Desempeñar, no seu caso, as obrigas inherentes ó cargo que ocupen.

Artigo 28. Como caso excepcional e ó único obxecto de propiciar a constitución da Sociedade, integráronse como Socios Numerarios todos os profesionais que se uniron para a fundación da SO.GA.C.O.T. e levaban máis de catro anos no exercicio activo da Especialidade, ingresando os demais como Membros Asociados. A todos eles se lles outorgou o cualificativo de **Socios Fundadores** e o seu nome aparece e aparecerá debidamente consignado con esa categoría (S. F.) na primeira e sucesivas relacións de Membros.

Artigo 29. Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da Asociación serán os seguintes:

- a) As cotas de membros Asociados e Numerarios, que quedan obrigados ó pago de cotas que estipulen, periódicas ou extraordinarias.
- b) Os excedentes de ingresos nas reunións, publicacións, subvencións, donativos, legados ou herdanzas que puidese recibir de forma legal por parte dos asociados ou de terceiras persoas.

As cotas anuais variarán segundo as necesidades da Sociedade, sendo fixado o seu importe por acordo da Xunta Directiva e referendado pola Asemblea Xeral, á vista do estado da Caixa da Sociedade, cuxo balance será exposto na Memoria Anual.



Artigo 30. A Sociedade naceu sen patrimonio inicial.

Artigo 31. O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

CAPÍTULO V

DISOLUCIÓN

Artigo 32. Disolverase voluntariamente cando así o acorde a Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada para o efecto, conforme o disposto no artigo 20 dos presentes Estatutos.

Artigo 33. En caso de disolución, a Xunta Directiva quedará constituída en Comisión Liquidadora, a cal, unha vez extinguidas as débedas, e se existise sobranse líquido destinarao integramente ó Padroado de Orfos de Médicos.

CAPÍTULO VI

CONGRESOS

Artigo 34.

1) Nos Congresos poderán realizarse actividades científicas de diversos tipos:

- a. Mesas Redondas, que serán seleccionados pola Xunta Directiva. En todo caso serán elixidos en votación pola Asemblea Xeral.
- b. Comunicaci3ns, e Relatorios: Referiranse a ramas da especialidade. A admisi3n de tales comunicaci3ns farase despois de que o autor envíe
- c. dúas copias á Comisi3n Organizadora do Congreso, a que xulgará a conveniencia ou non de que sexan incluídas no programa.

2) A Xunta Directiva da Sociedade controlará e intervirá as contas dos Congresos e, en todo caso, o remanente do mesmo pasará ó Fondo da Sociedade.



DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias.

D. MARCELINO GONZALEZ-CARRERÓ LÓPEZ, Secretario da Xunta Directiva da Sociedad Gallega de Cirugía Ortopédica y Traumatología, SO.GA.C.O.T, Asociación á que se refiren estes Estatutos,

CERTIFICA: que os presentes Estatutos adaptados á Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, foron modificados no seu artigo Sexto (6º) por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria de Asociados convocada para o efecto de data 23 de MAIO de 2009.

En Santiago a 25 de maio de 2009

O Presidente

Asdo. Gonzalo Concheiro Barreiro

O Secretario

Asdo. Marcelino González- Carreró López